

CONDICIÓNS PARA PRESENTAR ARTIGOS EN FERVENZAS, REVISTA GALEGA DE TRABALLO SOCIAL

Fervenzas é unha revista de Traballo Social que acepta, para a súa difusión, traballos orixinais e inéditos de interese para a disciplina e para esta profesión en Galicia. *Fervenzas* édítase en galego. Poderase valorar a reprodución de traballos non inéditos se o medio de difusión onde foron divulgados, fose de difícil acceso para as/os traballadoras/es sociais de Galicia, ou ben noutro idioma diferente ao galego.

Os traballos serán publicados atendendo ao seu interese e ao seu valor científico e/ou profesional. Terán prioridade aqueles artigos que respondan a outros xa aparecidos en números anteriores da revista, ou aqueles que sexan continuación dalgunha temática de interese. Nestes casos, terase que mencionar tal cuestión ao inicio do artigo.

A responsabilidade polo expresado nos artigos corresponde na súa totalidade ás/aos autoras/es, non se fará cargo delas a revista *Fervenzas*.

As/os autoras/es posúen plenos dereitos de autor sobre os seus traballos. Os/as autores/as asumen o compromiso de comunicar ao COTSG, a intención de presentar para publicar noutro medio, un artigo xa publicado en *Fervenzas*, así como o de facer mención expresa do número da mesma no que foi publicado.

Fervenzas acusará recibo dos traballos achegados e, unha vez revisado pola mesa de redacción, comunicará a súa aceptación ou non aceptación para a publicación.

Emitirase unha certificación que acredite a publicación do artigo, de ser o caso.

Seccións da revista

As seccións nas se encadrarán os traballos son:

1.-**Artigos:** investigacións, experiencias profesionais, análises teóricas, metodolóxicas e técnicas, etc.

2.-**En Rede:** presentación descritiva dun equipamento, programa, servizo, asociación, etc.

3.- **Entrevista:** entrevista a persoas de especial interese para o Traballo Social.

4.-**Recensión de Publicacións:** comprende comentarios e opinións críticas de libros, revistas, coleccións editoriais... En definitiva, de calquera fonte documental de interese para o Traballo Social

5.-**Espazo Aberto:** incluírá comentarios de documentais, filmes, páxinas web, noticias de especial interese para o Traballo Social, etc.

6.-**Ficha de Investigación Social:** incluírá fichas-resumo de teses ou traballos de fin de máster. Os apartados que debe ter son: Título, autor/a, natureza do traballo (tese, TFM) ano de referencia, accesibilidade ao documento (biblioteca e/ou url no que se pode atopar/descargar a tese ou TFM palabras chave, síntese do contido, metodoloxía e principais conclusións.

Normas de presentación de artigos

Os artigos teñen que ser presentados en galego, en **formato Word, tipo de letra Arial, tamaño 12 e interliñado 1,5**. O documento debe enviarse ao enderezo de correo: **fervenzas@traballosocial.gal**.

Con carácter xeral, deberá terse en conta o uso dunha **linguaxe inclusiva** na redacción dos traballos.

Nunha primeira páxina aparte recollerase: o título do artigo; o nome das persoas autoras; a súa titulación/profesión a institución, lugar de traballo ou campo en que desenvolve o seu labor. Indicarase tamén un número de teléfono e un enderezo postal e/ou electrónico de contacto. Se as persoas autoras o desexan poden incluír o seu correo de contacto.

Se se desexa, a modo de presentación, poderase remitir un resumo dunhas 10-15 liñas sobre a súa produción científica máis importante (publicacións, proxectos de investigacións, informes, etc.) ou sobre proxectos de intervención social, experiencias innovadoras, etc. onde teña participado.

ESTRUTURA DOS ARTIGOS:

- **Título** en galego, castelán e inglés.
- **Autoría**
- **Resumo*** e **palabras clave** en galego, castelán e inglés
- **Introdución**
- Se se trata dunha **investigación**: método, **metodoloxía**, estratexia metodolóxica, etc ou a denominación que se considere mais oportuna
- **Apartados nos que se desenvolve o contido do artigo**
- Se se trata dunha **investigación**: presentación dos **resultados**, e a continuación, **discusión e conclusións**.

* No caso de artigos que versen sobre **investigacións**, o **resumo** ten que incluír: a **presentación do tema abordado, o obxectivo xeral, a metodoloxía empregada e principais conclusións**.

A extensión do artigo será de como mínimo **10 páxinas** e como **máximo 30**, incluíndo figuras, táboas, referencias e anexos.

Respectaranse as cursivas e negriñas que aparecen no texto orixinal do/a autor/a pero a edición **non leva subliñados**.

As **notas a pé de páxina** terán letra tipo Arial, tamaño 10 e interliñado simple.

As **táboas**, e **figuras** terán que intercalarse no artigo e terán obrigatoriamente que presentar: numeración, título e, se procede, fonte dos datos ao pé da táboa ou figura.

Os datos presentados en táboas e figuras deben ser comentados. E recoméndase incluír a referencia a cada táboa e figura previa á súa aparición no texto.

As Referencias do artigo preséntanse ao final por orde alfabética, e sangría francesa. Esta listaxe ten que incluír só as reseñas bibliográficas dos documentos que se citan no texto.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DAS REFERENCIAS E DAS CITAS NO TEXTO

AS NORMAS PARA CITAR

Son as establecidas pola APA¹, que emprega o sistema *autor/a-data* no texto. Consiste en incorporar no texto, o primeiro apelido da/s persoa/s autoras (se é moi común tamén o segundo) e o ano de publicación. Non se inclúen as iniciais do nome, só o apelido.

MODALIDADES E CRITERIOS DE PRESENTACIÓN DAS CITAS NO TEXTO

CITAS EMPREGANDO PARÉNTESIS

a) Primeiro apelido fóra do paréntese e ano entre paréntese. Ex. Mayoral (2012)

b) Primeiro apelido e ano entre parénteses, separados por coma. Ex. (Mayoral, 2012)

Entre o apelido e o ano emprégase a coma, e cando dentro dun mesmo paréntese se citan varias fontes, sepáranse cun punto e coma e ordénanse alfabeticamente.

Ex. (Casal, 2015; Lamas, 2016; Román, 2016)

CITAS SEN EMPREGAR PARÉNTESIS

Indícase igualmente primeiro apelido e ano, pola orde máis axeitada para a redacción.

Ex. ..., xa no ano 2016, Casal mantiña esta idea ao falar dos elementos estruturais de

CITAS LITERAIS E CITAS NON LITERAIS

a) **Citas literais:** ten que indicarse o **número da páxina** onde se localiza o texto citado. O número ou números de páxina/s poden incorporarse, entre paréntese, ao final da cita textual, ou a continuación do ano, separado por coma e sempre antecedido de p. ou pp.

Ex. (Piñeiro, 2011, p. 35) ou Piñeiro (2011, p. 35)

b) **Citas non literais:** non se indica o número de páxina. Só a autoría da obra e o ano.

¹ Tómasse como referencia a edición do 2010, do *Manual de Publicaciones de la American Psychological Association*, traducida ao castelán, e editada por Manual Moderno.

Ex. (Piñeiro, 1993)

- c) **Citas literais dun texto xurídico.** Neste caso en vez de indicar o número da páxina, pódese indicar o nº do artigo ou disposición final.

Ex. No artigo 8º. 1. da Lei de Servizos Sociais de Galicia (2008), ...

TAMAÑO DAS CITAS

- a) **Cita literal corta** (máximo 40 palabras): incorpórase no texto entre comiñas.
- b) **Cita literal larga** (máis de 40 palabras): destácanse no texto sen o uso de comiñas. Ponse nun bloque nunha liña nova e con sangría toda a cita.
- c) **Cando a cita abrangue varias páxinas**, estas escríbense separadas por un guión. Este criterio tamén pode seguirse aínda que non se trate de citas textuais co obxecto de orientar a localización das ideas expresadas.

SEGUNDO O NÚMERO DE AUTORES/AS,

- a) Cando son **2 autores/as** ponse o 1º apelido das persoas unidos pola conxunción “e”, seguidos de coma e ano (e número de páxina se a cita é literal).

Ex. de citas de 2 autores/as:

(Mayoral e Casal, 2014) ou (Mayoral e Casal, 2014, p. 25)

- b) Se son **3, 4, 5 os autores/as**, a 1ª vez póñense todos, por exemplo: (Mayoral, Casal e Pumares, 2017), e nas seguintes ocasións que se citen ponse o 1º e “et al.”,

Ex. (Pastor et al., 2017).

- c) Se son **6 ou mais autores/as**, indicase só a primeira autoría seguido de et al. e o ano.

Ex. (Pizarro et al., 2018).

AUTOR/A CITADO POR OUTRO AUTOR/A

Segue as pautas anteriores engadindo ao inicio o 1º apelido do/a autor/a citado inicialmente, seguido das expresións: **citado en** ou **como se citou en**.

Exemplo cita de autor/a citado por outro/a autor/a:

(Pincel, citado en Navas, 2014) ou según Pincel (como se citou en Navas, 2014)

A obra que figura no apartado de Referencias **que se presenta ao final do artigo**, é a de Navas de 2014.

Presentación das táboas e figuras

Diferéncianse dous tipos de representación gráfica: as táboas e as figuras. Enténdese como figura calquera outro tipo de ilustración diferente das táboas, isto é: cadros, gráficos, diagramas, organigramas, mapas, fotografías, debuxos, xenogramas...

1. No caso de táboas, numéranse na orde que se van mencionando no texto, con números arábigos. Ademais, colocárase o número e título na parte superior, o título situárase en letra cursiva e nunha liña inferior ao número. As notas da táboa colócanse debaixo desta, comezando pola palabra “nota” en cursiva; a fonte é un tipo de nota. Exemplo:

Táboa 1


Evolución da taxa de dependencia total segundo comunidade autónoma, 2000,2004,2008 e 2016.

Comunidade Autónoma	2000	2004	2008	2016	Diferenza 2016-2000
Andalucía	50,5	48,7	47,4	51,0	0,5
Aragón	53,7	52,8	51,0	57,1	3,4
Asturias	49,5	48,9	48,5	56,7	7,2
Baleares, Illes	46,6	43,9	42,2	46,4	-0,2
Canarias	43,2	41,5	40,8	43,5	0,3
Cantabria	48,3	47,2	46,6	54,3	6,0
Castilla y León	55,1	54,6	53,7	59,5	4,4
Castilla – La Mancha	59,0	56,5	51,7	53,7	-5,3
Cataluña	47,3	46,7	46,7	55,1	7,8
Comunitat Valenciana	48,3	46,8	46,6	53,09	5,6
Extremadura	58,1	56,4	53,2	53,07	-4,4
Galicia	51,2	51,0	51,3	58,9	7,7
Madrid	43,4	42,4	42,9	51,7	8,3
Murcia	50,0	48,7	49,1	51,6	1,6
Navarra	48,3	45,0	47,2	56,4	8,1
País Vasco	43,6	49,2	48,6	58,3	14,7
Rioja, La	51,2	49,3	49,4	56,5	5,3
Ceuta	50,02	53,7	52,7	50,8	0,6
Melilla	54,1	48,5	46,9	54,9	0,8
España	48,9	47,8	47,2	53,4	4,5

*Nota:*Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Indicadores demográficos.

2. Cando se inclúe unha figura, colocárase a palabra “figura” en cursiva seguida do número desta (numeración arábigos correlativos), seguida do título.
3. En canto á fonte, procederáse do mesmo xeito que nas táboas, pero suprimindo a palabra “nota”.

Figura 1. Posición da nova dentro da revista



Fonte: Elaboración propia a partir do EXM 2010

A listaxe que se inclúe ao final do artigo cos datos de todas as citas que se incluíron ao longo do texto denominarase REFERENCIAS

No caso de incluír outras fontes consultadas e non citadas, pode facerse noutro listado que se titule **BIBLIOGRAFIA CONSULTADA E/OU RECOMENDADA**

➡ **A LISTAXE DE REFERENCIAS TENSE QUE ELABORAR SEGUNDO AS NORMAS SEGUINTE:**

No caso de dúbida que non se poida resolver coas indicacións seguintes, recoméndase consultar o manual de publicacións da APA ou a páxina web:

www.apastyle.org

Libro

Primeiro apelido do/da autor/a separado por unha coma da **inicial do nome**. Se o 1.º apelido é moi común pódese engadir o segundo (pauta que rexe en calquera tipo de referencia).

- Se a autoría é de varias persoas, sepáranse por **comas** e a última únese coa conxunción **e**.
- Se a autoría corresponde a un máximo de 7 persoas teñen que indicarse todas.
- Se a autoría é de 8 ou máis persoas, consígnanse ás 6 primeiras seguido de puntos suspensivos e engadindo o/a último autor/a
- Se se trata dunha obra colectiva a cargo dun/dunha coordinador/a, director/a, compilador/a, indicárase entre paréntese abreviado despois dos nomes.

Cando non figura o/a autor/a e o libro é editado por unha institución/organismo indicárase o nome desta como autoría.

Se no libro non figuran os apelidos e o nome do/a autor/a, colócase o título na posición do/da autor/a.

2) Ano da edición entre paréntese seguido de punto.

Se a data non se atopa dispoñible, entre paréntese e seguido de punto, indícase (s. d.), que significa “sen data”

Se se fai referencia a varias obras da mesma autoría e diferentes anos ordénanse por orde cronolóxica, da máis antiga a máis recente.

No caso de obras da mesma autoría e ano, empregáranse como sufixos letras minúsculas (a,b,c, sucesivamente) para diferencialas despois do ano; ambos datos van entre paréntese. Os sufixos asígnanse na lista de referencias, onde estas ordenaríanse alfabeticamente pola primeira letra do título, (ignorando o artigo).

3) Título e subtítulo en cursiva seguido de punto. O subtítulo escíbese tras o título e dous puntos.

4) Cando se considere oportuno indicárase o número da **edición** entre paréntese despois do título. Se a obra está editada en varios volumes, e se considera unha información relevante para os efectos de localización, indicárase o número do volume correspondente despois do título, entre paréntese.

5) Lugar da edición seguido de dous puntos. Se non se pode determinar o lugar de edición escíbese entre paréntese (s.l.), que significa “sen lugar”.

6) Editorial seguido de punto. Se é o/a autor/a o que edita despois do lugar de edición, seguido de dous puntos, ponse o termo autor ou autora. Se se descoñece o lugar de

editorial e non se pode investigar, escríbese entre paréntese (s.n.), que significa “sen nome”

Exemplo:

Piñeiro, J. (2007). *O poder do pensamento*. Lugo: Terra

Se se tratase dun libro en formato electrónico e no caso de ter DOI, indícase este. (O DOI, que significa *Digital object identifier*, é un identificador único que permite a localización do libro en internet).

Se o libro en formato electrónico, non ten DOI, a continuación do título, indícase Recuperado de engadindo a dirección URL

Piñeiro, J. (2007). *O poder do pensamento*. Recuperado de www.pensamientoseideas.org

Capítulo dun libro

1) Primeiro apelido e inicial do nome do/s autor/es do capítulo (nos mesmos termos que para os libros) seguido do ano de edición entre paréntese, seguido de punto.

2) Título do capítulo seguido de punto.

3) Uso do enlace: En

4) Inicial do nome e apelidos do que está ao coidado do libro en minúsculas, seguido da indicación entre paréntese do que proceda (Coord., Dir., Comp.,e,...)

5) Título do libro en cursiva e sen punto ao final

6) Páxinas nas que se localiza o capítulo entre paréntese e seguido de punto. Antes das páxinas escribírase o número do volume, se procede.

7) Lugar seguido de dous puntos e **Editorial**.

Exemplo:

Piñeiro, J. (2003). A forza do pensamento positivo. En C. Torrejón (Coord.), *A incertidumbre do futuro* (Vol. 2, pp. 40-55). Lugo: Terra

Tras o número de páxinas e antes do lugar, escribírase, de ser o caso, entre corchetes os elementos importantes para a identificación da obra. Exemplo: [CD], [Monografía]...

Artigo de revista

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** do/s autor/es seguido do **ano** da publicación e referencia temporal entre paréntese, seguido de punto.
- 2) **Título** do artigo seguido de punto (nunca en cursiva)
- 3) **Nome** completo da **revista** en cursiva seguido de coma.
- 4) **Número** do **volumen** en cursiva (sen indicar “vol.” previamente). Se fose o caso indícase a continuación o número do exemplar entre paréntese sen espazo e seguido de coma.
- 5) **Páxina** inicial-final do artigo. Posteriormente escribirase entre paréntese o número da edición, se é o caso.

Exemplo:

Piñeiro, J. (2003, 1.º semestre). A mocidade da sociedade actual. *Revista de pensamento filosófico*, 15, 40-55.

Artigos de revista electrónica

- a) Con doi: a continuación das páxinas, doi: <http://dx.doi.org/xxxx/xxxxxxxxxx..>
Tirado, R., Aguaded, I. e Hernando, A. (2018). The Socio-Demographic Divide In Internet Usage Moderated By Digital Literacy Support. *Technology In Society*, 55, 47-55.
doi: <https://doi.org/10.1016/j.techsoc.2018.06.001>
- b) Sen doi: a continuación das páxinas: Recuperado de seguido da URL.
Arias, P. (2019). Crise e precarización da vida. Sobre a descomposición do estado de benestar. *Revista galega de traballo social. Fervenzas*, 21, 71-93. Recuperado de <https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2019/03/Fervenzas-21.pdf>

Material de congresos, xornadas, seminarios...

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** do/s autor/es.
- 2) **Mes e o ano** de celebración entre paréntese, separados por coma e punto.
- 3) **Título do material** presentado seguido de punto, sin cursiva nin comiñas
- 4) Indícase **Comunicación presentada ao/á**
- 5) **Título do congreso** en cursiva e punto.

6) Nome da organización organizadora do evento seguido de coma

7) **Cidade** na que teñen lugar

Exemplo:

Piñeiro, J. (2005, febreiro). O cambio na mocidade. Comunicación presentada ao *I Congreso Internacional de Xóvenes Pensadores*. Universidade de Santiago, Lugo.

Textos normativos en formato electrónico

1) **Título literal** do texto normativo en cursiva, seguido de punto.

2) **Ano** (entre paréntesis) e **fonte** da publicación do texto normativo.

3) Indicase **Recuperado de** e a continuación a dirección URL

Exemplo:

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. (2008). BOE.
Recuperado de http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20081218/Anuncio5192E_gl.html

Textos normativos recollidos en diarios ou boletíns oficiais

1) **Título literal do tecto normativo** en cursiva, seguido de punto.

2) **Fonte de publicación do texto normativo**

3) **Número da publicación**, seguido de coma.

4) **Data de publicación**

Exemplo:

Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Boletín Oficial do Estado, 299, do 15 de decembro de 2006.

Material electrónico: páxina web

1) **Apelido e inicial do nome** do/s autor/es se é posible a súa localización. De non ser posible, indícase o nome da **entidade responsable**.

2) **Ano** entre paréntese e punto.

3) **Título** do documento en cursiva seguido de punto.

- 4) Indícase **recuperado de** e a **dirección URL**. Aínda que non é obrigatorio, pódese sinalar, se se considera relevante, a data de obtención do documento poñendo **recuperado o** (día, mes e ano).

Exemplos:

Piñeiro, J. (2011). *Novas tecnoloxías e mocidade*. Recuperado de <http://www.jonenesactualidad.es>

Teses

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** do/s autor/es.
- 2) **Ano** entre paréntese e punto.
- 3) **Título da tese** en cursiva. A continuación indicárase entre paréntese –sen cursiva– (tese de doutoramento)
- 4) **Nome da institución** na que foi realizada, seguido de coma
- 5) **Lugar**
- 6) Se se obtivo en formato electrónico engadírase **Recuperado de** e a dirección URL correspondente

Presentación de traballos para o resto das seccións da revista:

Axustarase á tipografía e normas solicitadas para os artigos coas seguintes indicacións específicas: **En Rede** terá como máximo 10 páxinas por achega; *Espazo aberto* e *Comentario de Publicacións* terá como máximo 3 páxinas de extensión. Ningún destes apartados necesita resumo, palabras clave ou referencias

Datos de contacto para o envío dos traballos

Envío dos traballos a:

fervenzas@traballosocial.gal

Para calquera consulta tamén se pode contactar no tel: 981 56 81 00

